

**PLAN DE
REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
OBRIGATORIA QUE PASOU DE CURSO COA MATERIA DE TECNOLOXÍA SEN
SUPERAR**

(Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011)

MATERIA: TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	
Información relevante sobre a materia a superar	O presente plan elabórase para aquel alumnado no que se dea a circunstancia de que non superara a materia de Tecnoloxía e dixitalización o curso anterior pero esto non lle impediou promocionar a un curso superior. As probas e tarefas que se propoñan para recuperar a materia pendente estarán deseñadas para verificar se se superan os estándares considerados básicos na programación. O alumnado afectado será, ademais, seguido polo profesor do departamento responsable do seu curso actual, o cal informará ao xefe de departamento da súa progresión.
Currículum a desenvolver	O currículum de referencia que se considerará será o que aparece na programación didáctica do curso correspondente, pero coa salvedade de que se atenderá principalmente aos estándares de aprendizaxe considerados básicos.
Criterios de avaliación	<p>A profesora que imparte a materia no curso actual deseñará e avaliará as tarefas e probas que se propoñan para verificar que o alumnado superou os estándares considerados básicos.</p> <p>O alumnado deberá respectar os prazos de entrega das tarefas encomendadas e seguir as instrucións que se lle dean canto á súa presentación. A data de entrega será 15 días antes da proba trimestral correspondente e as das tarefas e probas da Aula Virtual a que se estableza na propia Aula Virtual.</p> <p>A nota se obterá ponderando ao 50% por un lado a nota global das tarefas e por outro a nota trimestral correspondente á proba teórica a realizar. No caso de que non se entreguen as fichas avaliaranse unicamente as probas trimestrais que, como se dixo representan o 50% da nota.</p> <p>No caso de que non se supere unha avaliación trimestral, esta poderase recuperar na seguinte proba. A última proba será un EXAME FINAL no que poderá recuperar a materia que non fose superada con anterioridade.</p> <p>O alumnado que, despois da última proba a realizar no mes de maio, aínda non superara a materia pendente poderá realizar unha nova entrega das fichas, de tal xeito que a nota correspondente á parte práctica poda ser recalculada</p>



Estratexias metodoloxicas	<p>Ao inicio de cada trimestre a profesora que imparte a materia no curso actua proporcionar a alumnado coa materia de Tecnoloxía pendente as tarefas a realizar. O alumnado será informado no caso de que teña que realizar actividades adicionais na Aula Virtual. Se informará tamén das datas de entrega dos traballos e se dará publicidade das datas de realización das probas trimestrais nos taboleiros informativos do centro. Na páxina web do centro publicarase a información relacionada co alumnado pendente na materia de Tecnoloxía no apartado:</p> <p>Departamentos →Tecnoloxía→Documentación→Pendentes</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais fundamentais a utilizar serán os que se refiren a continuación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Fichas de traballo• Libro de texto GENiOX Tecnología y Digitalización I ESO• Actividades Aula Virtual curso TECNOLOGÍA 1º ESO PENDIENTES
Tarefas e probas a realizar.	<p>As fichas de traballo e/ou actividades a realizar na Aula Virtual serán repartidas trimestralmente e se corresponderán coas seguintes unidades didácticas:</p>
Temporalización	<ul style="list-style-type: none">• 1º trimestre: "El método de proyectos", "Expresión y comunicación de ideas"• 2º trimestre: "Estructuras", "Mecanismos"• 3º trimestre: "Electricidad", "Hardware y software" <p>As probas trimestrais a realizar comprenderán a materia que aparece arriba para cada trimestre. Como quedou escrito no apartado Criterios de avaliación, no caso de que non se supere unha avaliación trimestral esta parte da materia non superada incorporárase á proba correspondente do seguinte trimestre.</p> <p>As datas das probas para alumnado coa materia pendente durante o presente curso serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">• 1ª EVALUACIÓN: 23 DE NOVIEMBRE DE 2023 17:15-18:15• 2ª EVALUACIÓN: 22 DE FEBREIRO DE 2024 17:15-18:15• 3ª EVALUACIÓN: 23 DE MAYO DE 2024 17:15-18:15
Información ás familias	<p>A información relacionada co alumnado que teña a materia de Tecnoloxía pendente será accesible desde a páxina web do centro, no apartado: Departamentos →Tecnoloxía→Documentación→Pendentes</p> <p>Nos boletíns do alumnado aparecerá reflexada a cualificación numérica na materia pendente, aparte das cualificacións do resto de materias do curso no que o alumno está actualmente matriculado.</p>



Materiais	Temporalización	Datas exames
Fichas de traballo	1º trimestre: "El método de proyectos", "Expresión y comunicación de ideas"	1ª EVALUACIÓN: 23 DE NOVIEMBRE DE 2023 17:15-18:15
Libro de texto GENiOX Tecnología y Digitalización I ESO	2º trimestre: "Estructuras", "Mecanismos"	2ª EVALUACIÓN: 22 DE FEBREIRO DE 2024 17:15-18:15
Actividades Aula Virtual curso TECNOLOGÍA 1º ESO PENDIENTES	3º trimestre: "Electricidad", "Hardware y software"	3ª EVALUACIÓN: 23 DE MAYO DE 2024 17:15-18:15



ALUMNO:		CURSO:	GRUPO:
MATERIA:	TECNOLOXÍA (LOMCE)	2º	

MATERIA: TECNOLOXÍA	
Información relevante sobre a materia a superar	O presente plan elabórase para aquel alumnado no que se dea a circunstancia de que non tivera superado a materia de Tecnoloxía 2º ESO o curso anterior pero esto non lle impediou promocionar a un curso superior. As probas e tarefas que se propoñan para recuperar a materia pendente estarán deseñadas para verificar se se superan os contidos considerados básicos na programación. O alumnado afectado será seguido na súa progresión polo xefe de departamento de Tecnoloxía. Este seguimento levarase a cabo a través do control das fichas de traballo, tarefas e probas propostas na Aula Virtual. O xefe de departamento estará dispoñible para que este alumnado poida solventar as dúbidas relativas ás tarefas propostas na maior brevidade posible.
Currículum a desenvolver	O currículum de referencia que se considerará será tal e como queda recollido no ANEXO I da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria no curso académico 2023/24 o correspondente á materia de Tecnoloxía e Dixitalización 2º ESO.
Criterios de avaliación	<p>O xefe de departamento deseñará e avaliará as tarefas e probas que se propoñan para verificar que o alumnado acada os obxectivos da materia e adquire as competencias clave.</p> <p>O alumnado deberá respectar os prazos de entrega das tarefas encomendadas e seguir as instrucións que se lle dean canto á súa presentación. A data de entrega será 15 días antes da proba trimestral correspondente e as das tarefas e probas da Aula Virtual a que se estableza na propia Aula Virtual.</p> <p>A nota se obterá ponderando ao 50% por un lado a nota global das tarefas e por outro a nota trimestral correspondente á proba teórica a realizar. No caso de que non se entreguen as fichas avaliaranse unicamente as probas trimestrais que, como se dixo representan o 50% da nota.</p> <p>No caso de que non se supere unha avaliación trimestral, esta poderase recuperar na seguinte proba. A última proba será un EXAME FINAL no que poderá recuperar a materia que non fose superada con anterioridade.</p> <p>O alumnado que na 3ª avaliación non acade unha cualificación igual ou superior a 5 na materia poderá volver a entregar as fichas de traballo ata a data establecida para a avaliación ordinaria. O 50% correspondente as tarefas na avaliación ordinaria terá en consideración esta nova entrega de tarefas.</p>
Estratexias metodolóxicas	Ao inicio de cada trimestre o xefe de departamento proporcionará ao alumnado coa materia de Tecnoloxía pendente as tarefas a realizar. O alumnado será informado no caso de que teña que realizar actividades adicionais na Aula Virtual. Se informará tamén das datas de entrega dos traballos e se dará publicidade das datas de realización das probas



	<p>trimestrais nos taboleiros informativos do centro. Na páxina web do centro publicarase a información relacionada co alumnado pendente na materia de Tecnoloxía no apartado:</p> <p>Departamentos →Tecnoloxía→Documentación→Pendentes</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais fundamentais a utilizar serán os que se refiren a continuación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Fichas de traballo• Actividades Aula Virtual
Tarefas e probas a realizar. Temporalización	<p>As fichas de traballo e/ou actividades a realizar na Aula Virtual serán repartidas trimestralmente e se corresponderán cos seguintes bloques:</p> <ul style="list-style-type: none">• 1º trimestre: “EL PROYECTO TECNOLÓGICO”, “DISEÑO Y FABRICACIÓN”• 2º trimestre: “ELEMENTOS DE MÁQUINAS, SISTEMAS Y ROBOTS”, “PROGRAMACIÓN, CONTROL Y ROBÓTICA”.• 3º trimestre: “DOCUMENTACIÓN Y COMUNICACIÓN DIGITAL” <p>As probas trimestrais a realizar comprenderán a materia que aparece arriba para cada trimestre. Como quedou escrito no apartado Criterios de avaliación, no caso de que non se supere unha avaliación trimestral esta parte da materia non superada incorporárase á proba correspondente do seguinte trimestre.</p> <p>As datas das probas para alumnado coa materia pendente durante o presente curso serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">• 1º trimestre: 23 de novembro de 2023• 2º trimestre: 22 de febreiro de 2024• 3º trimestre: 23 de maio de 2024
Información ás familias	<p>A información relacionada co alumnado que teña a materia de Tecnoloxía pendente será accesible desde a páxina web do centro, no apartado: Departamentos →Tecnoloxía→Documentación→Pendentes</p> <p>Nos boletíns do alumnado aparecerá reflexada a cualificación numérica na materia pendente, aparte das cualificacións do resto de materias do curso no que o alumno está actualmente matriculado.</p>